

## **BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS "COMPOSTELA ACTIVA 2007"**

### **Obxecto**

Establécense as bases reguladoras do programa Compostela Activa "Incentivos para a creación de novas empresas en Santiago de Compostela" para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas ao fomento do autoemprego a través da creación de novas empresas ou iniciando actividade como autónomos no Concello de Santiago.

### **Beneficiarios**

Poderán resultar beneficiarios das axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- Iniciar a súa actividade entre o 1 de outubro e o 31 de agosto de 2007.  
Aos efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela na que o solicitante cause alta no IAE ou no seu caso no censo de obrigados tributarios.
- Ter a súa sede social, fiscal e de actividade no Concello de Santiago.

### **Criterios de concesión**

Teranse en conta na valoración das solicitudes presentadas os seguintes criterios:

- Que a persoa física ou membros da sociedade proveñan dunha situación de desemprego.
- Que estea/n censados no Concello de Santiago.
- Que a actividade empresarial a desenvolver polos beneficiarios sexa incardinable nalgúns dos seguintes sectores:
  - Novas tecnoloxías da información e a comunicación.
  - Servizos medioambientais.
  - Servizos culturais e de lecer (turismo, patrimonio, cultural, cultural local, sector audiovisual,...).
  - Servizos á comunidade.
  - En xeral, calquera actividade, con independencia do sector, sempre que propoña innovacións, sexa un sector emerxente ou abra un novo filón de emprego.
- Utilización de recursos da zona.
- Emprego xerado.
- Porcentaxe de mulleres no emprego xerado.
- Contribución á integración de colectivos en situación desfavorable para a integración sociolaboral.
- Contribución á integración de colectivos en situación ou risco de exclusión social.

### **Gastos subvencionables**

---

#### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multirosos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

Terán a consideración de gastos subvencionables os considerados como correntes e de primeiro establecemento realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de agosto de 2007 nos seguintes conceptos e excluídos impostos:

- Existencias iniciais de mercadorías: adquisición de primeiras compras de mercadorías, materias primas e outros consumibles de produción.
- Gastos de arrendamentos: locais e/ou equipos
- Primas de seguros
- Abastecementos e gastos correntes
- Gastos de formalización de constitución da sociedade se é o caso.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado con outros fins. O investimento en activos fixo e ás axudas directas á contratación de traballadores quedan exceptuadas desta axuda.

#### **Contía da subvención**

Ao presente programa destínase unha partida de 40.000 euros dos presupostos municipais da Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados.

A contía individualizada da subvención a outorgar será dunha contía máxima de 2.000€ por proxecto empresarial, con independencia do número de beneficiarios que a compoñan. A contía da axuda poderá acadar o 100% dos gastos subvencionables.

#### **Solicitudes y documentación**

1. As solicitudes se dirixirán a Oficina de Promoción Económica dependente da Concellaría de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados, e se presentarán no Rexistro Xeral do Concello (Rúa Presidente Salvador Allende, 4- Santiago) ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común, xunto coa seguinte documentación por duplicado, sendo unha delas orixinal ou fotocopia compulsada:

- Escritura de constitución da sociedade mercantil ou no seu caso do documento que acredite a incorporación ao réxime de traballadores autónomos.
- Alta no IAE ou no seu caso da declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- DNI do promotor ou da persoa que ostente a representación da sociedade, e neste último caso, documento que acredite dita representación.
- Facturas dos gastos subvencionables para os que se solicita a axuda. Deberán achegarse os comprobantes de pagamento.
- Non se admitirán presupostos ou facturas pro forma.
- Certificado bancario de existencia de conta.
- Documentos acreditativos dos períodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego.
- Informe da vida laboral na Tesouraría Xeral da Seguridade Social do promotor ou promotores.
- Certificado de empadramento no Concello de Santiago.
- Certificación de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, Facenda (AEAT e Xunta de Galicia) e Concello.

---

#### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

- Declaración de tódalas axudas solicitadas ou concedidas, durante os tres anos anteriores, polas administracións públicas competentes ou entes públicos, nacionais ou internacionais, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.
  - Un plan de empresa asinado por técnico competente no que se explique a viabilidade do proxecto, detallando os aspectos técnicos de produción e comercialización, investimentos e financiamentos, conta de resultados, etc.
2. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos no punto anterior, requirirase a o interesado para que no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no caso contrario terase por desistido na súa petición.

#### **Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo xeral de presentación de solicitudes rematará o 31 de agosto de 2007.

Para a presentación das solicitudes de axudas ós beneficiarios poden contar coa asesoramento do Servizo de Asesoramento a Emprendedores da Oficina de Promoción Económica e Emprego do Concello de Santiago.

#### **Instrución do procedemento**

Recibidas as solicitudes xunto coa documentación preceptiva, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Oficina de Promoción Económica e Emprego. Unha vez efectuado o exame das solicitudes, emitirase un informe sobre cada un dos proxectos presentados valorándoos e puntuándoos de acordo cos criterios establecidos no apartado "**Criterios de Concesión**" das presentes bases. A tal efecto constituirase unha Comisión de Valoración formada polo persoal técnico competente da Oficina de Promoción Económica e Emprego. A oficina de Promoción Económica realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución.

#### **Resolución do órgano competente**

O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago.

O procedemento resolverase no prazo máximo de cinco meses a partir da data de entrada da solicitude no rexistro do órgano administrativo competente para a súa tramitación. Transcorrido o prazo máximo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude estenderase desestimada por silencio administrativo.

A resolución da concesión notificarase ao beneficiario, con indicación da contía concedida, e causa que motive a concesión ou denegación no seu caso.

#### **Recursos**

---

#### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multirosos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

As resolucións que se difen neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

### **Obrigas dos beneficiarios**

- Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e locais e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa administración local, con anterioridade á ditarse a proposta de resolución.
- Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Comunicar ao órgano concedente, tan pronto como se coñeza, calquera modificación das condicións fidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.
- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral no artigo 14 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, conforme a redacción dada pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

### **Incompatibilidades**

A presente axuda ten o carácter de minimis de acordo co Regulamento (CE) Nº 69/2001 da Comisión de 12 de xaneiro de 2001 relativo á aplicación dos artigos 87 y 88 do Tratado CE ás axudas de minimis.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

### **Reintegro**

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

---

### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multirosos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)

### **Modificación da resolución de concesión.**

Toda alteración das condicións fidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

### **Entrada en vigor e vixencia**

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

### **Financiamento**

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito de 40.000 euros imputable á partida orzamentaria Promoción Económica Actividades Funcional 72100. Económica 22604 dos orzamentos municipais do ano 2007.

En Santiago de Compostela a 6 de febreiro de 2007

Xosé Manuel Iglesias Iglesias  
Concelleiro Delegado de Promoción Económica, Emprego, Comercio e Mercados do Concello de Santiago de Compostela

---

### **OFICINA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO.**

Multiusos de San Lázaro, Porta 9. Avenida de Fernando Casas Novoa, 20. Telf: 981 54 24 93. Fax: 981 54 24 92.

Correo electrónico: [promocioneconomica@aytocompostela.es](mailto:promocioneconomica@aytocompostela.es). Páxina web: [www.maiscompostela.org](http://www.maiscompostela.org)